

E chegou o Maio

Unha guía para coñecer o fondo da festa dos maios



E chegou o Maio

Unha guía para coñecer o fondo da festa dos maíos e así poder realizar en debida forma as coplas dos maíos de Marín

Dende o máis profundo dos tempos, cando chega o 1º de maio, saen ás rúas de Marín nenos que cantan ao redor dunha figura cónica engalanada con materiais vexetais nun estoupido de cores. Dentro desta sinxela celebración da fecundidade e da volta da luz logo dun longo e escuro inverno, hai unha forte simboloxía que hai que coñecer.

Asistimos a un ciclo vital que se repite de xeración en xeración, e que nas súas versións máis antigas, das que derivan os nosos maios cónicos, contaba cunha representación cerimonial; onde como inda hoxe en día sucede en Vilafranca do Bierzo, o neno maio cuberto cunha coiraza vexetal que o tapa por completo e acompañado doutros nenos sae ás rúas a pedir o aguinaldo (as maias). Representando á natureza invernal durmida deita no chan e é entón cando todo o cerimonial do Maio chega ao seu punto culminante, coa invitación do coro á Natureza durmida, representada no neno-maio a que se erga:

LEVÁNTATE MAIO....

Entre as coplas de máis antigüidade que se teñen recollido en Marín hai varias que comezan con ese verso. Ese e non outro é o motivo principal nunha copla de maios, por iso unha copla de maios que careza desa fórmula deixa unha cerimonia incompleta

Levántate Maio
de enriba de min,
que xa me pesas máis
que unha pipa de saín.

Levántate Maio
que moito durmiches,
o burro xa pasou
e ti non o viches.

Levántate Maio
de enriba de min,
non vaia selo conto
que mexes por min.

Levántate Maio,
que moito durmiches,
tres carros pasaron
e ti non os oíches.

SIMBOLOXÍA

O burro que aparece nalguna das coplas ten un valor simbólico de antigo (Idade Media). O burro simboliza o inverno; o seu carácter e calidades fanno facilmente identificable coa estación que deixa aletargada á Natureza enteira: lentitude, pereza....

Pola contra o cuco e o seu canto é unha chamada ao renacer. O cuco volve cada ano como o maio para devolverlle o esplendor á Natureza “amaiada”:

Os ovos son o único elemento animal co que se viste o maio. Os ovos de moi antigo representan o principio e o fin, o ciclo constante da vida na Natureza

ESTRUCTURA DAS COPLAS DOS MAIOS

A estrutura das coplas de maios é moi semellante á de outras cancións tradicionais de cambio de estación (Nadal), incluso chegando a intercambiarse estrofas entre elas (economía de medios). Como nas coplas de Nadal existe unha petición de licenza para cantar, unha despedida e unha petición de aguinaldo, que nos maios modernos adáptase ás novas peculiaridades do entorno.

Pasamos dun ámbito rural a un ámbito, inda que pequeno, urbano, ao que o Maio se adapta, utilizando con tal fin formas de aguinaldo como son as coplas de cordel en papel de cores, que xa de antigo viñan sendo usadas polos músicos ambulantes. Xa non se vai de casa en casa, senón de rúa en rúa cantando e vendendo as coplas, e esa transformación se acrecenta coa aparición dos concursos e os premios que substitúen ao aguinaldo; así alterase na copla o destinatario da petición de aguinaldo, pasando de ser un particular ao xurado do concurso.

Contan, por tanto as dúas, cun **COMEZO/PETICIÓN DE LICENCIA** e cunha **DESPEDIDA/PETICIÓN DE AGUINALDO**. Mais no caso que nos ocupa, os maios, contan ademais con peculiaridades estruturais de seu, podendo estruturar unha copla de maios como veredes a continuación. Ás veces algunha destas partes poden non aparecer ou aparecer nunha orde distinta ao que especificamos; inda que como repetimos anteriormente consideramos esencial a aparición en calquera copla de Maio da fórmula **LEVANTATE MAIO**, que a caracteriza como tal, dende a nosa opinión.

Imos entón coa estrutura, seguindo a Clodio González Pérez, tomando exemplos das coplas de Maios dos concursos de Marín dende o ano 1953 a 1980

1) COMEZO OU PRESENTACIÓN

Señores do xurado
xa estamos aquí
.....

Teñan bo día,
non estean tristes
.....

Señores do xurado
presten atención
que o maio do Sequelo
empeza a actuación

Moi bos días teñan,
mellor sexa o ano
.....

É o maio do Sequelo
o de tódolos anos,
que ven moi contento á
festa dos maios

Homes e mulleres,
poñan atención
que.....

Moi bos días teñan
donas e señores veñan
velo maio
.....

Principiamos a cantar
por ser primeiro de maio...

Moi bos días teñan
vellos e rapaces,
mulleres e homes.....

Señoras e señores
van escoitar...

Por seguilo xeito
do ano pasado,
vimos outra volta
a cantar o maio
Sen outro motivo,
nin outro galano,
que seguir as cousas
dos antepasados.

Moi bos días teñan
todos neste día

.....

Escoiten señores
o noso cantar

.....

Donas e señores
e xente menor,
estade calados

.....

COPLAS DE PRESENTACIÓN

Na roda do tempo,
hoxe volve o maio
como volve o cuco
ao cabo dun ano

Este noso maio
ven pola calle real...

Xa chegou o maio
florido e fermoso

.....

Eiqui ven o maio
de flores cargado

.....

Eiquí ven o maio
da aldea cantando

.....

Eiqui esta o maio
de novo, na vila....

Eiqui vén o maio
moi ben adornado

.....

Eiqui ven o maio
cos cornos pintados

....

Ei ven o maio
por.....

ei ven o maio
de roubar.....

Vímoslles cantar
a festa dos maíos,
que é cousa nosa
e dos antepasados.

Eiqui está o maio,
veñano mirar
que.....

Volveu outro maio
garrido e fermoso.
Brinquemos contentos,
meninos, que é noso.

Entoamos as cancións
para o público e xurado,
seguindo a tradición
dos antepasados.

2) PETICIÓN DE LICENCIA

Nas coplas de Maíos son escasas

A canta-lo Maio
señores aquí vimos
e para cantalo
licencia pedimos.



3) FEITURÍA DO MAIO

Cóntanse as peripecias (reais ou inventadas) que se tiveron que pasar para a elaboración do Maio, as coplas ou incluso ensaiar. A recollida do elemento natural inclúe moitas veces, como noutras festas de ciclo (San Xoan, Nadal...) un roubo ritual.

O maio humanízase, é como tal ten vestido de gala. Nalgunhas coplas é un rei con coroa ou un crego co seu chapeu de catro picos

O día de Maio
é a nosa festa

Moito traballiño foi
o que pasamos,
buscando as froles
.....

Moito traballiño
nos dou facelo
.....

Para facer este maio
tivemos que ir roubar...

Pra poder vestilo
cun traxe galán.....

Fomos ao fiuncho
moi lonxe de aquí
.....

Fomos ás flores
por hortas e campos
.....

Fomos de noite
roubar as flores
.....

Corrimos os campos
en busca de xesta,
fomos

Cantamos o maio
despois de súar
.....

Roubolle a levita,
rouboulle o pantalón,
deixouno en cirolas,
.....

Fomos ás flores
á Escola Naval,
saiu un sentinela
.....

Empezou o ensaio
As catro da mañá
Saíron os veciños
Queríannos matar

Armámolo maio
con moito primor
.....

Para florear o maio
pasamos moitos traballos
.....

Pra poder vestilo
con traxe bonito,
fomos.....

Saíu un home
cun pau na man
.....

Fomos ao fiúncho
alá por Currás,
veunos un home
cun pau detrás.

Fomos as laranxas
alá por Agüete,
veunos un home
e tirounos un retrete.

Fomos ao fiúncho
e mais ás flores
pra vestir o maio
.....

Veú señor.....
co fouciño ao lombo,
quíxonos matar
.....

Veú señor
co jalorcho ao lombo
dounos no cu
.....

Estas cantigas
feitas a presa
non saen da alma
senón da cabeza.

Pra vestir de festa
este noso maio
fomos por
.....



4) PRESENTACIÓN/DESCRIPCIÓN DO MAIO

É común atribuírlle calidades humanas (personificación) e dentro delas aquelas que teñen relación coa pereza do inverno durmido (laczán, preguiceiro, lacoero...) inda que outras moitas calidades se lle poden engadir

Este noso maio
é un lacazán,
quer que lle poñan
os cartiños na man.

Esta personificación soe empezar coa fórmula “**Este noso maio**”

Corona xeitosiña
que é unha marabilla,
que lla dedicamos
a Santa Cecilia.

Este noso maio
ten un mandil....

Este é o maio,
maiño é.
Este é o maio
que anda de pé

Entra o maio coroadado
de rosas e claveles,
cantan os paxaros
nas polas alegres

Este noso maio
pequeno e piruleiro,
foi feito con.....

Este noso maio
éche moi agudo
.....

Este noso maio
é moi.....
parece que venta
.....

Este noso maio
é coma un palleiro:
saías de fiúncho
e froles de sombreiro,
colar de laranxas
todo arredor.
Maio coma este
non o hai millor

O Maio cando chega
á calle Real,
na praza do Reloxo
ponse a cantar

Este noso maio
vén moi floreado,
pois solo se viste
unha vez ao ano

Traemos o maio
moi engalanado
.....

Reparen señores
nas flores do maio,
no cheiro das rosas,
no verde do saio.

5) TEMA

Exaltación da Natureza

Mostrase o campo
con moitas cores,
con flores, fiúncho
e paxaros piadores.

Maio florido,
alfombra dos campos,
que con alegría
cantan os paxaros.

Canta a andoriña
e o reiseñor
e as bolboretas
van de flor en flor.

Co maio traemos
o cheiro dos campos.
Lembranzas belidas
trae o noso canto.

Que vén adornado
con belezas mil,
saudando a Maio
e despedindo Abril.

E por iso alegres,
os paxariños,
cantan moi contentos
na porta dos niños.

Canta o cuco,
axúdalle o grilo,
tamén canta a rula,
o corvo e o mirlo.

Belas bolboretas,
paxaros cantores,
que andades cantando
no medio das flores.
A todos alegran
os vosos cantares,
pois a primavera
xa a anunciades.

Rinse as fontes,
tirando perlas
nas pequenas flores
que están máis cerca.

Ven a primavera,
tempo de labrar,
sementalo millo,
que froito ha de dar.

Pasou o inverno
de neve e orballo
e con gran alegría
xa chegou o maio.

Cantan os paxaros
no medio das froles,
revoan bolboretas
de lindas cores.



6) PETICIÓN DE AGUINALDO

Pedímosllos os maios
a un coronel/capitán/señorita /cabaleiro/.....

Levade unha copla
pra nos contentar...

Señoras e señores,
póñanse a cola
.....
pra comprar as coplas.

Baleiren os petos
e mailas carteiras
.....



7) PETICIÓN AO XURADO

Señores do Xurado,
teñan compaixón....

Señores do Xurado,
déannolo premio
.....

Señores do Xurado,
ata o ano que ven
.....

Déannos a rosca
e o chocolate
.....

A rosca e o premio
pedimos nos den
.....

Señores do xurado,
poñan atención...

Señores da mesa,
imos rematar...

Déannos o premio
queremos marchar
.....

Todo o mundo pide
nesta ocasión.
Nos tamén pedimos
.....

Señores do xurado,
sen premio, nin roscón.
Nos solo cantamos
por seguir a tradición.

8) REMATE OU DESPEDIDA

Pode terminar de dúas formas diferentes ou con ámbalas dúas mesturadas

A) Despedíndose do Xurado ou do público

Xa nos despedimos
de vos este ano...

Xa nos despedimos
dos que nos escoitan...

Xa nos despedimos
que imos marchar...

Adeus señores,
ata o ano que vén...

Xa nos despedimos
de ustedes señores

Xa nos despedimos ata
o ano que vén...

Xa imos cansados
de tanto cantar...

A despedida lles damos
que nos queremos marchar...

Xa nos despedimos
porque xa nos vamos...

Non cantamos máis
porque xa nos vamos...

Xa nos despedimos
felices e contentos
de Santa Cecilia
e.....

Xa nos despedimos
desta boa xente,
de dona María
e do presidente.

Non cantamos mais
porque xa nos vamos...

Señoras e señores
queremos marchar....

Xa nos despedimos
con moita razón...

Xa nos despedimos
dos que nos escoitan,
imos a outras rúas
.....

Xa nos despedimos
deste gran xurado
.....



B) LEVANTATE MAIO

Levántate maio,
deixa de durmir.....

Levántate maio
que tanto durmiches,
xa pasou o burro
e ti non o viches.

Levántate maio
non sexas palanquin
.....

Levántate maio
e bota a correr
.....

Ergue maio novo
e bótate a andar
.....

Maio, maiño,
ponte de pé....

MÉTRICA

Os versos das coplas de Maios non teñen unha medida estándar, os máis frecuentes son de 6 ou de 8 sílabas.

A rima máis común é a ASONANTE, inda que tamén se admite a CONSONANTE

A estrofa está composta por 4 versos rimando os pares. É común que nas estrofas impares a última palabra dos versos pares sexa grave e nas pares sexa aguda

Un recurso común é tamén o realizar un **encadeamento** entre o último verso das estrofas impares é o primeiro das seguintes. O encadeamento pode realizarse coma neste caso, cunha palabra que se repite ou porque se repita todo o verso.



Este noso maio
é moi pequeniño
foi toma-las copas á
casa de **Fandiño**.

Fandiño non llas dou
non llas quixo dar,
foi a do Rouco
pra se emborrachar.



Marin, Maio de 2016